

V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua
Do compromiso individual aos argumentos
Carballo (A Coruña)

XOVES 16 DE XULLO 2009, 17:00 h

A integración no galego desde outras realidades

Rosa Moreiras Cuñarro (coordinadora)

Obxectivo da mesa

O obxectivo xeral desta mesa de traballo é realizarmos unha cala no movemento migratorio que temos neste país, cala que non pretende ser representativa de toda a comunidade emigrante, para analizar as actitudes lingüísticas de persoas procedentes doutras realidades e máis ou menos instaladas na nosa lingua e tamén as actitudes de cara a lingua galega de persoas galegas instaladas noutras realidades.

Para isto na mesa contamos cun grupo de persoas orixinarias de diferentes países (Estonia, Francia, México e Uruguai) e cunha persoa galega que agora mesmo está instalada no Reino Unido.

O grupo central de convidadas está formado por cinco mulleres que presentan características comúns:

- todas proceden de fóra do Estado español
- chegaron a Galiza como adultas
- teñen un nivel cultural medio-alto
- todas son mulleres socialmente moi activas
- presentan actitudes positivas cara á lingua
- e todas elas nalgún momento da súa traxectoria vital tomaron a decisión de realizar un cambio no lugar de realización do seu proxecto de vida.

* Este texto distribúese baixo unha licenza [Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza 3.0](#)

Por outra parte, tamén presentan características diverxentes:

- o país de procedencia
- a lingua inicial
- o coñecemento previo da nosa realidade
- a súa lingua habitual neste momento.

Tamén contamos co testemuño dunha galega que leva 10 anos vivindo no estranxeiro.

O obxectivo específico da sesión é analizar como estas persoas entraron en contacto co galego e como decidiron incorporalo ás súas vidas.

Definición de perfís

ROSALINA MORALES é mexicana e leva 17 anos vivindo en España.

Estudou Xornalismo na Universidade Complutense de Madrid. A súa parella é galega e, por ese motivo, hai agora uns 3 instalouse en Galiza.

Para ela, a principal barreira para soltarse a falar en galego é a vergoña. Este ano participou nun obradoiro de achegamento á lingua e á cultura galega, e este foi o seu punto de partida para iniciarse no noso idioma.

ANNE TOOMING vén de Estonia e leva 9 anos vivindo en Galiza.

Dedícase profesionalmente á música: é pianista, dá clases particulares e dirixe tres corais no Concello de Ames.

A súa lingua materna é o estoniano. Por proximidade xeográfica e lingüística, desde moi cativa, estivo en contacto co finés. Na escola estudou como segundas linguas o ruso e o alemán. Aos 15 anos comezou a estudar inglés e algo de italiano. Con esta base idiomática (estoniano, finés, ruso, alemán, inglés e algo de italiano) chegou a Galiza e instalouse no noso contexto lingüístico. Aprendeu a falar, primeiro, en castelán (decatouse deseguida de que a xente cambia de idioma para dirixirse a ela) e, despois, en galego. Hoxe, o seu idioma familiar é o castelán, aínda que no traballo e na vida social utiliza tamén o galego.

ISABELLE KERDUDO vén da Bretaña.

É licenciada en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Bretoa pola Universidade de Rens. Hai 16 anos instálase en Santiago de Compostela porque lle gusta esta cidade e decide vivir nela.

Ao chegar a Galiza dedícase a dar aulas de francés e a facer traducións como autónoma. Actualmente é profesora de francés na Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela.

A súa lingua materna é o francés e tivo competencia inconsciente en bretón ata os 15 anos. Comezou a estudar bretón no instituto como materia optativa e, máis tarde, utilizouno no seu traballo de mestra nas escolas Diwan (escolas de inmersión lingüística en bretón).

Iniciouse na aprendizaxe do galego nos cursos de verán para estranxeiros da Universidade de Santiago. Vive nunha contorna galegofalante aínda que na casa as linguas que se falan son francés e inglés. Na vida social e laboral usa sempre o galego, tanto por escrito coma oralmente. Case desde o primeiro momento de chegar a Galiza, estivo implicada na defensa do idioma, fíxose socia da Mesa pola Normalización Lingüística e pronto foi unha das responsables do colectivo Nais e Pais polo Ensino en Galego.

LOURDES REY FAU, é filla de pai galego e nai uruguaia. Emigrou desde Montevideo para Galiza hai 18 anos. O galego é o idioma de seu pai e, por iso, mantivo contacto con el desde cativa. Desde os 4 anos participou, ademais, en diferentes actividades nos centros galegos de Montevideo, uns centros que manteñen viva a nosa lingua na diáspora.

Desde que chegou ao noso país integrouse en diferentes proxectos de carácter social e asociativo, sen perder nunca o contacto co colectivo uruguaio que reside en Galiza. Foi concelleira de Emigración en Carballo ata este mesmo ano. Actualmente, continúa vinculada ao asociacionismo e está a elaborar proxectos de difusión da cultura uruguaia en Galiza co convencemento de que a ferramenta fundamental de integración entre os pobos é o coñecemento mutuo.

A súa lingua habitual é o galego.

Aínda que non estivo presente, tamén contamos co testemuño de **Aliche**, que se

define a si mesma como unha galega que ten como lingua inicial a italiana. Veu a Santiago cunha bolsa Erasmus e o seu primeiro contacto en Galiza foron as súas dúas compañeiras de piso, dúas rapazas galegofalantes. En certo ambiente de Compostela era coñecida como “a italiana que fala galego”.

Por outra banda, tivemos o testemuño de **INMA GIL ROSENDO**. É unha viguesa que leva 10 anos vivindo no Reino Unido. A súa experiencia encaixaría mellor nun grupo de traballo denominado *A integración noutras realidades desde o galego*. Pero decidimos incluíla aquí porque ten en común coas anteriores que foi un cambio de residencia o que marcou o seu compromiso co galego.

Estudou Xornalismo en Santiago e marchou para Gales en 1999 cunha bolsa Erasmus. Hai máis de 5 anos que traballa para a BBC.

En maio de 2008 creou en *Facebook* o grupo Galegos Morriñentos, coa idea de atopar xente morriñenta coma ela para reunírense, falar galego e organizar actividades sociais vinculadas á nosa cultura na capital británica. O grupo ten agora 114 membros e, en algo máis dun ano, levan feitas 6 xuntanzas.

En colaboración cun membro deste grupo, Xesús Magariños, publica en Internet en abril de 2009 o manifesto interactivo O Galego é útil, un manifesto que ata o de agora (3 meses) foi asinado por 214 persoas galegas de todo o mundo. Esta iniciativa xorde como resposta desde o exterior aos virulentos ataques que está a sufrir a lingua, concretamente para contrarrestar algunhas das ideas forza que os sustentan: o galego non é útil fóra de Galiza e é síntoma de fracaso escolar.

Con esta iniciativa pretenden achegar unha colaboración á causa do idioma á marxe de ideoloxías políticas, simplemente por amor á lingua.

O castelán foi a súa lingua inicial (lingua que lle falaban os pais malia seren eles galegofalantes, e lingua vehicular das escolas de Vigo polas que foi pasando). Na familia, da súa xeración para arriba, son todos galegofalantes e, os máis novos (irmáns, curmáns, sobriños...), todos castelán falantes.

Define a súa relación co idioma como esquizofrénica, pois afirma falar máis galego en Londres ca en Vigo.

Di que as persoas galegas no estranxeiro reafirman a súa identidade a través da lingua.

Sinala que estando fóra ti precisas identificarte, ser galego como factor diferencial.

Inma demostrounos que non estamos sós nesta loita, que hai moita xente tamén no exterior que está apoiando esta nosa causa colectiva.

Resumo da sesión

Todas estas persoas contáronnos a súa experiencia a través das preguntas que lles foron formulando ao longo da sesión. Das respostas que nos deron, extraemos as seguintes ideas:

1. Hai un enorme descoñecemento da realidade lingüística do estado español no estranxeiro.

2. Hai moi distintas motivacións para achegarse á lingua:

- o respecto pola cultura e sociedade de acollida;
- compromiso “afectivo” co país e coa cultura;
- relacionárense coa familia e coa contorna social;
- Integrarse plenamente na sociedade na que están instaladas;
- Identificación coa realidade na que viven
- axudarlles aos/ás fillos/as co galego na escola;
- identificar os/as fillos/as co país, axudarlles a botaren raíces aquí;
- transmitirles actitudes positivas aos/ás fillos/as (a rapazada manifesta as actitudes que lles transmiten desde a casa)
- Enriquecemento persoal
- Xustiza social (a tenrura que producen os marxinados)
- etc

3. Todas as persoas que estiveron na mesa participaron nalgunha acción formativa ao chegar e todas coinciden en sinalar a necesidade de espazos específicos para se comunicaren en galego. A maioría dos galegos entenden como un feito de cortesía lingüística dirixirse a un estranxeiro en español, cando eles non teñen ningún problema de comprensión, ou teñen os mesmos problemas cunha lingua que coa outra. Ante isto demandan que para lles axudarmos a melloraren a súa competencia lingüística é importante que nos dirixamos a eles en lingua galega.

4. Destacan a importancia da lectura como ferramenta de aprendizaxe da lingua, pero sinalan a pouca visibilidade da nosa literatura e a falta xeral de recursos para aumentaren as súas competencias en lingua galega.

5. As persoas que chegan do estranxeiro veñen limpas de prexuízos. Somos nós quen lles transmitimos os nosos. As convidadas sinalaron, especialmente, a inseguridade do estándar, a visión negativa da lingua asociada á política ou a percepción do estándar como galego inventado.

6. Para pechar, recollemos algunhas citas textuais do grupo de traballo:

- *Eu non coñecía a cultura galega, pensei que viña aos touros e ao flamenco.*

- *Falar galego é o normal; vivo na Galiza e falo galego.*

- *O problema non é chegar a coñecer a lingua, senón animarse a dar o paso de usala.*

- *Dá igual que sexas estranxeiro ou que sexas de aquí, o importante é quen queiras ser.*

- *Os seis meses que vivín coa miña avoa ao chegar foron un curso intensivo de cultura.*

- *Eu non son neofalante, son unha galega que teño como lingua nai o italiano.*

- *Independentemente do lugar de procedencia, o importante é a vontade de querer ser.*